



BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE USO DE HORTOS MUNICIPAIS NO PARQUE DE MONTEALEGRE E EN MARIÑAMANSA

Artigo 1. Obxecto das bases.-

É obxecto das presentes bases regular o procedemento para o outorgamento de autorizaci3ns de uso de hortos municipais.

Os hortos para ceder son os sinalados nos planos adxuntos.

En Montealegre, os hortos identificados cos n3meros 6, 7, 8, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52 e 53 son hortos destinados 3 xeneralidade das persoas. Os n3meros 1, 2, 3, 4 e 5 est3n destinados a persoas con mobilidade reducida e ter3n sorteo propio.

En Mariñamansa, os hortos identificados cos n3meros 54, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70 e 71 son hortos destinados 3 xeneralidade das persoas. Os n3meros 72 e 73 est3n destinados a persoas con mobilidade reducida e ter3n sorteo propio (xunto cos de mobilidade reducida de Montealegre).

Se non se chegasen a ceder os hortos destinados a persoas con mobilidade reducida acrecentar3n os destinados ao p3blico en xeral.

Artigo 2. Necesidades a satisfacer.-

Tal e como sinala a ordenanza reguladora tr3tase de facilitar a intervenci3n dos cidad3ns no desenvolvemento sostible, favorecendo a integraci3n e coexistencia das culturas propias do campo e a cidade. Fom3ntanse acci3ns que repercuten no benestar das persoas, mediante a ocupaci3n do lecer, a mellora na sanidade alimentaria e a protecci3n do medio ambiente.

Artigo 3. Natureza e R3xime Xur3dico.-

Estamos en presenza dunha autorizaci3n administrativa para o uso de ben de dominio p3blico regulada no art. 92 e concordantes da Lei 33/2003 do 3 de novembro de Patrimonio das Administraci3ns P3blicas.

Esta autorizaci3n rexerase por:

- As presentes bases.
- A Ordenanza Reguladora do Uso de Hortos Municipais Constitu3dos en Espazos P3blicos do Concello de Ourense (BOP n3 296 do 27 de decembro de 2012).
- Lei 33/2003 do 3 de novembro de Patrimonio das Administraci3ns P3blicas. (LPAP).
- Lei 7/85 do 2 de abril Reguladora das Bases de R3xime Local. (LBRL).
- O Real Decreto 1372/1986, do 13 de xu3no, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).
- Supletoriamente, rexer3n as normas xerais do dereito administrativo e, s3 na s3a falta, as do dereito privado.



A participación no procedemento supón aceptar a normativa sinalada. O descoñecemento por parte do administrado da normativa aplicable non eximirá ao mesmo da obrigaón do seu cumprimento.

Artigo 4. Duración da autorización.-

A autorización terá unha duración de dous anos a contar desde a adxudicación.

Esta autorización poderá prorrogarse, de mutuo acordo e antes do seu vencemento, por dous períodos sucesivos dun ano cada un. Tal prórroga non poderá producirse de forma tácita nin ter unha duración superior a 4 anos incluído os 2 anos orixinais.

Artigo 5. Taxas.-

Os usuarios deberán abonar a taxa que se fixe na ordenanza fiscal correspondente, no seu caso.

Artigo 6. Procedemento e formas de adxudicación.-

Tendo en conta que o número de hortos é limitado, de conformidade coa Ordenanza reguladora e co artigo 92 da LPAP, a adxudicación realizarase mediante sorteo.

Artigo 7. Requisitos e prohibicións para ser beneficiario.-

Para poder optar á adxudicación dunha autorización deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade.
- Estar empadroadado en Ourense con, polo menos, un ano de antigüidade.
- Residir efectiva e continuamente no Concello de Ourense, polo menos durante nove meses ao ano.
- Estar ao corrente das súas obrigaóns fiscais e tributarias co Concello.

Non poderán ser beneficiarios os veciños que, aínda cando cumpran os requisitos anteriores, atópanse nas seguintes circunstancias:

- Pertencer a unha unidade familiar na que haxa un beneficiario das parcelas. Entenderase por unidade familiar as persoas empadroadas no mesmo domicilio.
- Ser privado de parcela, previo expediente sancionador.
- Cada persoa só poderá ser adxudicatario dun horto.

Artigo 8. Presentación de solicitudes.-

Toda solicitude presentarase no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera das formas permitidas pola lexislación vixente. A solicitude axustarase ao Anexo I destas bases.

Á solicitude acompañarase a seguinte documentación:

- Certificado de empadramento que acredite a duración do mesmo.
- Fotocopia compulsada do DNI ou documento que o substitúa
- Declaración xurada de compromiso de coidado e mantemento do horto.





- Certificado de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias co Concello ou autorización ao Concello para consulta deses datos. (ANEXO II)
- Declaración xurada, certificado ou informe médico onde se indique que o solicitante e/ou membros da unidade familiar que vaian cultivar o horto poidan realizar tarefas agrícolas sen risco para a súa saúde,
- Calquera documento que se estime oportuno para acreditar as circunstancias especiais que xustifiquen a concesión de hortos por mobilidade reducida, en especial certificado emitido polo organismo correspondiente da Xunta de Galicia no que figure o grao de discapacidade recoñecida, que deberá ser igual ou superior ao 65%.

Artigo 9. Prazo de presentación das solicitudes.-

As solicitudes presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Ourense ou por calquera dos demais medios previstos na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **vinte días naturais**, a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos e na web municipal. Cando ditas publicacións non se efectuén no mesmo día, os vinte días computaranse desde a última publicación realizada.

Artigo 10. Relacións provisional e definitiva de admitidos ao procedemento.-

Terminado o prazo de presentación de instancias e examinadas as mesmas o Alcalde, ou Concelleiro por delegación, aprobará as 2 listas provisionais de admitidos e excluídos (Lista de persoas que optan a hortos reservados a persoas con mobilidade reducida e lista co resto de solicitantes). Se se exclúe a algunha persoa física da lista dos hortos reservados a persoas con mobilidade reducida, e cumprisen os requisitos para optar á lista xeral incluíranse nesta.

Unha vez aprobada, a lista provisional de admitidos e excluídos expoñeráse no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web, concedéndose un prazo de 10 días para a presentación de reclamacións. Tras o estudo das reclamacións, o Alcalde ou o Concelleiro por delegación, aprobará as listas definitivas de admitidos e excluídos e fixará lugar, día e hora para celebración do sorteo que será público. Esta lista expoñeráse no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello.

Artigo 11. Realización do sorteo.-

O sorteo será público e anunciarase no taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello; celebrarase no lugar, día e hora, que determine o Alcalde (ou Concelleiro por delegación) ao aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos.

É obrigatorio acudir a este sorteo ben persoalmente ou ben mediante representante. No caso de que algún solicitante non asistise quedará excluído do procedemento.

O sorteo realizarao o alcalde (ou concelleiro delegado) asistido polos empregados públicos que sexan necesarios.

En primeiro lugar sortearanse os hortos destinados a persoas de mobilidade reducida. Elixíranse pola orde que salga no sorteo a 14 persoas (7 servirán para a lista de substitución) O primeiro en saír elixido será o que elixa o primeiro horto de mobilidade reducida e así sucesivamente. Se non se cubrisen na súa totalidade acrecentará o número de hortos destinados ao público en xeral.





Terminado este sorteo realizarase o sorteo xeral no que participarán os admitidos definitivamente na quenda xeral. Elixiranse pola orde que saian no sorteo, seguindo o procedemento sortearase un número que corresponderá coa lista definitiva e ese será o primeiro en elixir o horto. Logo irán elixindo sucesivamente por orde da lista definitiva que é por orde alfabética

Os hortos que se sortearán serán os destinados á quenda xeral máis as posibles vacantes dos reservados a persoas con mobilidade reducida.

Artigo 12. Outorgamento de autorizacións.

Realizados os sorteos o Alcalde (ou concelleiro delegado) elevará proposta de acordo á Xunta de Goberno Local de outorgamento de autorizacións para uso de hortos destinados a persoas con mobilidade reducida, de outorgamento de autorizacións para uso de hortos destinados ao público en xeral e de aprobación de lista de espera.

Artigo 13.- Prerrogativas do Concello.

Corresponden ao Concello as prerrogativas de interpretar estas bases e de resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

Os acordos ditados para o efecto poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización. Así mesmo, corresponden ao Concello as seguintes facultades:

- a) Dirixir o servizo dando as ordes oportunas respecto diso.
- b) Fiscalizar mediante os servizos municipais que o teñan encomendado, o desenvolvemento da actividade por parte dos suxeitos autorizados a cuxo efecto poderá inspeccionar o servizo así como a documentación relacionada co mesmo e ditar ordes para mellorar, restablecer ou manter a debida prestación.
- c) Controlar a correcta prestación do servizo.
- d) Impoñer ao adxudicatario as correccións pertinentes, por razón das infraccións que cometer.
- e) Demais que lle confire a lexislación vixente.

Artigo 14. Obrigacións do suxeito autorizado durante a vixencia da autorización.-

A participación neste procedemento supón que se coñecen a ordenanza Municipal e estas Bases e que expresamente as asume e acata na súa totalidade, sen condición algunha. Non se permite a transmisión intervivos da autorización.

Os gastos derivados da compra de maquinaria e apeiros serán por conta do beneficiario así como os gastos necesarios para o desenvolvemento do cultivo.

Artigo 15. Responsabilidade do autorizado polos danos causados a terceiros durante a execución da autorización.-

O autorizado será responsable dos danos e prexuízos que cause a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento da autorización.





Artigo 16. Infraccións e sancións.-

As infraccións e sancións serán as sinaladas na ordenanza reguladora do uso de hortos (BOP nº 296 do 27 de decembro de 2012)

Artigo 17.- Extinción

As causas de extinción son as sinaladas no art. 22 da Ordenanza reguladora e demais que fixa a lexislación vixente.

Artigo 18. Xurisdición competente.-

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato serán resoltas pola Xunta de Goberno, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao prevista pola Lei reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, previsto na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas



ANEXO I: "MODELO DE SOLICITUDE"

Don/Dona....., con DNI
 núm..... e domicilio en Ourense,
 C/..... nº (CP.....), teléfono
 móbil núm..... e teléfono fixo núm.....,
 en nome propio (ou en representación de..... con CIF.
e domicilio en) tendo coñecemento
 das BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE
 AUTORIZACIÓNS DE USO DE HORTOS MUNICIPAIS, e demais condicións e
 documentos que o rexen:

Declara responsablemente que vai facer un correcto uso e mantemento do horto e que o
 solicitante e/ou membros da unidade familiar que vaian cultivar o horto poden realizar
 tarefas agrícolas sen risco para a súa saúde, e que cumpren os requisitos de residencia
 establecidos nas bases ao residir polo menos durante nove meses ao ano en Ourense.

SOLICITA

Tomar parte no devandito procedemento e ser admitido a participar na:

	Quenda xeral
	Quenda de hortos reservados a persoas con mobilidade reducida (márquese o que proceda)

Achega a seguinte documentación(márquese o que proceda):

	Certificado de empadramento que acredite a duración do mesmo.
	Fotocopia compulsada do DNI ou documento que o substitúa
	Certificado de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Ourense ou autorización ao Concello para consulta desos datos(ANEXO II)
	Calquera documento que se estime oportuno para acreditar as circunstancias especiais que xustifiquen a concesión de hortos por mobilidade reducida.

En Ourense a,dede 2022
 Asinado:





ANEXO II

Don/Dona....., con DNI
núm..... e domicilio en Ourense,
C/.....nº (CP.....), teléfono
móbil núm..... e teléfono fixo núm.....,
en nome propio (ou en representación de..... con CIF.
.....e domicilio en) decatado/a de as
BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE
AUTORIZACIÓN DE USO DE HORTOS MUNICIPAIS, e demais condicións y
documentos que o rexen:

AUTORIZO EXPRESAMENTE ao Concello de Ourense a que consulte todos os arquivos públicos necesarios para determinar se está ao corrente das súas obrigacións tributarias co propio Concello de Ourense.

En Ourense a,dede 2022
Asinado:

EXCMO. Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OURENSE

